

O diario de guerra inédito e ilustrado do médico e alcalde Fernando Alsina

*** UN DIARIO INÉDITO DA GUERRA CIVIL ESPAÑOLA.

*** INCLÚE CEN FOTOGRAFÍAS E DOCUMENTOS NUNCA VISTOS ATA AGORA.

*** E A BIOGRAFÍA, REALIZADA POR RICARDO GURRIARÁN, DUN PRESTIXIOSO – MALIA QUE ESQUECIDO- MÉDICO COMPOSTELÁN.


SANTIAGO DE COMPOSTELA, OUTONO DE 2015.- Alvarellos Editora publica este outono, na súa Colección Oeste, o volume *Fernando Alsina e o seu Diario de Guerra*, nunha edición ao coidado de Ricardo Gurriarán e con limiar de Lourenzo Fernández Prieto, do grupo Histagra da Universidade de Santiago.

Fernando Alsina González foi un **destacado cirurxián** na Compostela da primeira metade do século XX. Fundador do Sanatorio San Lorenzo (1920), **alcalde de Santiago** por un ano (1929), sería un dos asinantes en 1933 do famoso manifesto de **apoio ao Estatuto de Galicia**. Foi, ademais, consogro do escritor **Ramón del Valle-Inclán**.

Entre setembro de 1936 e febreiro de 1937 estivo en diferentes puntos da **fronte de guerra no bando franquista, nos que exerceu labores cirúrxicas**. E **deixou escrito un detallado diario que agora, oitenta anos despois, ve por fin a luz**.

A recuperación deste documento —na que participaron activamente tres dos netos do doutor Alsina: **Fernando López Alsina, Xaquín del Valle-Inclán Alsina e seu irmán Javier**— é todo un exercicio de memoria histórica. Da memoria dun **home conservador, católico, que apoiaba a Franco, pero cuxa peripecia persoal está chea de matices, de afinidades galeguistas**, e de complexos episodios profesionais e persoais.

O especialista **Ricardo Gurriarán** busca as claves do seu comportamento a través dunha **reveladora biografía**, ao tempo que analiza a fondo este




FICHA TÉCNICA

322 pp. 13 x 23 cms

ISBN 978-84-89323-81-0 | PVP: 22 €

Diario de guerra. O índice onomástico –con máis de 500 referencias– deste volume, así como as **preto de cen fotografías e documentos da época**, inéditos, que aquí se recollen (incluídos os do seu ano como alcalde), dan conta da envergadura desta obra.

Ricardo Gurriarán (O Barco de Valdeorras, 1953) é doutor en Historia Contemporánea pola Universidade de Santiago. Especialista na guerra civil española, na memoria histórica e no exilio, obtivo en 2007 o Premio da Crítica coa publicación da súa monumental obra *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago (1900-1936)*. Tamén foi galardoado co Premio Tertuliano Hervella pola biografía de seu pai, o médico Gonzalo Gurriarán Gurriarán (1904-1975), represaliado na guerra civil. É autor así mesmo de *Inmunda escoria. A universidade franquista e as mobilizacións estudiantís en Compostela, 1939-1968* (2010), entre outros traballos. Comisario de exposicións, forma parte de equipos de investigación da USC e da Fundación 10 de Marzo, onde é director da área de Historia. En 2015 recibiu o Premio Peña Novo «polo seu traballo pedagóxico e o seu labor de investigación na procura da reconstrución da memoria colectiva».



Imaxe do Diario de guerra tal e como se conservou estes anos. Foto: Alvarellos Editora.

- Para contactar con Ricardo Gurriarán: 636 360 402
- Para contactar coa Editorial: prensa@alvarellos.info, 981 522 137, 609 90 88 52